



Recomendación á Consellería de Emprego e Igualdade para diminuír os tempos de tramitación y axilizar os pagos. relacionados con subvencións.

Expediente: A.4.Q/4020/20

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2021

Sr. Conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don ████████ V relativo á demora na percepción da subvención en concepto de axuda para as persoas traballadoras desempregadas que participan en accións formativas, no marco da formación profesional para o emprego financiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

ANTECEDENTES

Na súa queixa de data 18 de setembro de 2020 o señor García manifestaba que a tardanza da administración no pagamento da subvención en concepto de axuda por transporte en vehículo propio para asistir á acción formativa “soldadura con electrodo e TIG” lle obrigaba ao seu abandono e solicitaba desta Institución o análise deste asunto, especialmente tendo en conta que, segundo afirma, son moitos os estudantes prexudicados pola demora.

Ante iso requirimos, información á Consellería de Emprego e Igualdade, que xa nola remitiu.

No informe achegado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego e Igualdade sinálase o seguinte:

“Con data 25/09/2020 a Valedora do Pobo deu traslado á Consellería de Emprego e Igualdade dunha queixa presentada por ████████ relacionada coa tramitación de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participan en accións formativas de formación profesional para o emprego.”

O interesado manifesta que existe un retraso no pago das bolsas de quilometraxe para os cursos formativos; que levan meses de retraso para cobrar os desprazamentos, o que lle obriga a abandonar o curso que está a realizar (FMECO110 Soldadura con electrodo e TIG).

Recibida o 01/10/2010 neste servizo de Orientación e Promoción Laboral da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Lugo unha solicitude da Subdirección Xeral de Promoción Laboral para que informemos sobre a mesma INFORMO QUE:

En data 20/02/2020 [REDACTED] inicia no Centro Integrado de Formación Profesional de Lugo a acción formativa nº 2019/005346 da especialidade FMECO110 Soldadura con electrodo revestido e TIG. Posteriormente, o 01/03/2020 solicita a axuda por transporte en vehículo propio, ao abeiro da Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2020 (DOG nº 237, do 13 de decembro de 2019).

Revisado o expediente polo persoal deste servizo compróbase que cumpre requisitos e o 27/05/2020 a xefa territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria dita resolución pola que se lle concede ao interesado a axuda por transporte en vehículo propio por un importe de 0,19 euros/km e día de asistencia, cun máximo de 15€ diarios.

Todas as accións formativas do ámbito da formación profesional para o emprego foron suspendidas o 16/03/2020 en virtude do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG núm. 49-bis, do 12 de marzo de 2020) podendo reiniciarse, por resolución do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral, o 01/07/2020.

De acordo co disposto no artigo 24 da citada orde de convocatoria estas subvencións están supeditadas, ademais de ao cumprimento dos requisitos esixidos en cada caso, á asistencia da acción formativa, de maneira que todos os pagos terán lugar previa comprobación das asistencias mensuais de cada unha das persoas beneficiarias.

Así mesmo, o artigo 14 dispón que as entidades presentarán dentro dos 10 primeiros días naturais de cada mes, a documentación relativa a estas subvencións en concepto de becas e axudas do alumnado do seu centro que corresponden ao mes anterior.

A acción formativa da que é alumno [REDACTED] reiniciase o día 15 de xullo de 2020, así que durante o período comprendido entre o 16/03/2020 e 14/07/2020 este alumno non tivo asistencias e non ten dereito a percibir a axuda por transporte en vehículo propio.

Tendo en conta o exposto anteriormente, neste momento o centro aínda está en prazo para presentar as asistencias do mes de setembro e polo tanto ese mes aínda non se pode aboar ao interesado.

De acordo cos datos que obran neste servizo ██████ xa cobrou en concepto de axuda por transporte público o que corresponde aos meses de febreiro, marzo, xullo e agosto.

- *primeiro pago realízase o 05/06/2020, logo de comunicarlle a resolución de concesión, por un importe de 60€ que corresponden ás asistencias do mes de febreiro.*
- *Con data 15 de setembro de 2020 propúxose un pago de 660€ que corresponde aos meses de marzo (curso en suspenso desde o 16), xullo (curso reiniciado o 15) e agosto que lle foi aboado en data 01/10/2020 (o curso estivo suspenso desde o 16 de marzo ata o 14 de xullo).*

Concluír dicindo que a día de hoxe están feitos todos os pagos que se lle poden aboar a ██████ en concepto de axuda por transporte en vehículo propio, por asistir ao curso nº 2019/005346 da especialidade FMEC0110 Soldadura con electrodo revestido e TIG, xa que as asistencias que corresponden ao mes de setembro poden ser mecanizadas polo centro ata o día 10 de outubro, momento a partir do cal se tramitará o pago que corresponda”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da administración, compre facer as seguintes consideracións:

- No informe emitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Lugo sinálase que o señor ██████ inicia a referida acción formativa o 20 de febreiro de 2020 e con data 1 de marzo de 2020 solicita a axuda por transporte en vehículo propio, séndolle concedida o 27 de maio de 2020.

- En canto á data na que se lle realizaron o pagos correspondentes ao interesado, no informe sinálase o seguinte:

- Con data 5 de xuño de 2020, realízaselle o primeiro pago por un importe de 60€, correspondente ás asistencias do mes de febreiro.
- O pagamento da subvención polas asistencias correspondentes aos meses de marzo (curso en suspenso desde o 16), xullo (curso reiniciado o 15) e agosto –un importe total de 660€-, non se lle realizou ao interesado ata o 1 de outubro de 2020.

- A Orde do 10 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2020 (código de procedemento TR301V), publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 237, do 13 de decembro, establece o seguinte nos seu artigo 24.1:

“Artigo 24. Pagamento das bolsas e axudas

*1. O pagamento das subvencións por concepto de bolsas e axudas establecidas na presente orde realizarase logo da comunicación da resolución de concesión á persoa beneficiaria tendo carácter mensual, sempre que sexa compatible coa existencia da contía mínima acumulada por persoa desempregada a que se refire esta orde. **No primeiro pagamento incluírase o importe total das axudas devindicadas para o período correspondente até a comunicación da resolución de concesión.***

(...)”.

- Da información recibida despréndese que a administración superou o prazo do que dispoñía para proceder ao pago da subvención en concepto de asistencia correspondente ao mes de marzo de 2020, o non telo feito cando se lle comunicou a aprobación da resolución do 27 de maio de 2020, e o aboárselle so o de febreiro o 5 de xuño de 2020.

- O pagamento ao interesado do importe correspondente á axuda do mes de xullo (curso reiniciado o día 15) non se realizou ata o 1 de outubro de 2020.

- A referida Orde ten como obxectivo, entre outros, **“diminuír os tempos de tramitación e axilizar os pagamentos”.**

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle o seguinte nos seus artigos 20 e 71:

“Artigo 20. Responsabilidade da tramitación

1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que teñan ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto

polos seus intereses lexítimos, dispondo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación de procedementos. (...)”.

“Artigo 71. Impulso

1. O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, respectando os principios de transparencia e publicidade.

...

3. As persoas designadas como órgano instructor ou, se for o caso, titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función serán responsables directos da tramitación do procedemento e, en especial, do cumprimento dos prazos establecidos”.

- Pola súa banda, o artigo 40 da Constitución Española de 1979 prevé o seguinte:

“Artigo 40

1. Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco duna política de estabilidade económica. De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego.

2. Así mesmo, os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e readaptación profesionais; velarán pola seguridade e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario, mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros adecuados”

O recoñecemento, o respecto e a protección dos principios reitores da política social e económica informan a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.

A formación ten unha incidencia determinante sobre o emprego, debendo os poderes públicos garantir o seu exercicio, en particular por parte dos máis vulnerables. As persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta Orde do 10 de decembro de 2019 son precisamente persoas desempregadas, para as que a realización das accións formativas pode supoñer un coste económico excesivo, especialmente no momento actual.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Emprego e Igualdade a seguinte **recomendación**:

Tendo en conta que as axudas van dirixidas a un colectivo especialmente vulnerable para o que, en moitos casos, a súa percepción é fundamental para salvagardar a continuidade na asistencia ás accións formativas, se dé máxima prioridade a resolución e execución destes procedementos, co fin de diminuír os tempos de tramitación e axilizar os pagamentos en consonancia cos obxectivos contemplados na Orde do 10 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 237, do 13 de decembro).

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e **recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.**

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo